| 22º | 23 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 176.934,99 € | 28,25% | | |
| 23º | 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | 179.302,34 € | 27,29% | | |
| 24º | 36 | EJOC2004, S.L. | 182.578,00 € | 25,96% | | |
| 25º | 22 | DESMACO, S.L. | 183.963,06 € | 25,40% | Excluír | |
| 26º | 25 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 184.924,81 € | 25,01% | Excluír | |
| 27º | 28 | CONSTRUCCIONES BOALVA, S.L. | 191.361,05 € | 22,40% | Excluír | |
| 28º | 2 | AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A. (ACOVAL) | 192.643,37 € | 21,88% | Excluír | |
| 29º | 35 | HORDESCON, S.L. | 193.259,86 € | 21,63% | Excluír | |
| 30º | 8 | EXCAVACIONES OVIDIO, S.L. | 195.403,55 € | 20,76% | Excluír | |
| 31º | 3 | COSMALCA, S.L. | 197.781,33 € | 19,80% | Excluír | |
| 32º | 34 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. | 199.054,95 € | 19,28% | Excluír | |
| 33º | 7 | EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS, S.L. | 199.111,25 € | 19,26% | Excluír | |
| 34º | 18 | UTE CANCELA-BLANCO (EXCAVACIONES CANCELA - CONSTRUCCIONES BLANCO A.G., S.L.) | 200.585,07 € | 18,66% | Excluír | |
| 35º | 20 | CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA, S.L. | 205.491,19 € | 16,67% | Excluír | |
| 36º | 26 | CANARGA, S.L. | 210.842,15 € | 14,50% | Excluír | |

| | | |
|---|---|---|
| *Orzamento I.V.E. incluído (anexo I.2):* | *298.385,14 €* | |
| *Orzamento base (sen 21% de I.V.E.):* | *246.599,29 €* | |
| *Prazo de execución (anexo I.4):* | *4 meses* | |
| *Media das ofertas económicas non excluídas e non vinculadas:* | *171.504,29 €* | *30,45%* |
| *Valor límite cálculo 2ª media segundo cláusula 15.3.2.4 (+6,67%):* | *182.943,63 €* | *25,81%* |
| *Media das ofertas non excluídas e non vinculadas inferiores ao límite para 2ª media:* | *157.391,43 €* | *36,18%* |
| *Valor límite ofertas temerarias segundo cláusula 15.3.2.4 (-6,67%):* | *146.893,42 €* | *40,43%* |

6 6

**INFORME DO SERVICIO DE CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS**

Con data 20 de outubro pasado celébranse as mesas de contratación das obras de reparación das rúas Pedreira e Escarabuña, incluídas na POS 2015, nas que se procede a apertura das ofertas económicas dos distintos licitadores.

Nesta reunión acórdase que, con carácter previo á emisión do correspondente informe valorativo, os servicios xurídicos municipais informarán sobre a incidencia no cálculo da baixa temeraria da condición de vinculadas que declaran as empresas, por unha banda CNES. J. MAURI E HIJOS SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL e SONDEOS PORZUNA SL, e por outra EXPLOTACIONES GALLEGAS SL e F. GOMEZ Y CIA SL.

**Fundamentos xurídicos:**

O artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, referíndose á clasificación das ofertas presentadas, establece:

*"Artigo 151. Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación.*

*1. O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormales conforme ao sinalado no artigo seguinte. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta económicamente máis ventaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo".*

O artigo 152 do devandito texto legal, no seu apartado 1, engade:

*"Artigo 152. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.*

*1. Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas poderá apreciarse de acordo cos parámetros obxectivos que se establezcan regulamentariamente, por referencia ao conxunto de ofertas válidas que se presentaran".*

Pola súa banda, o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, nos seus artigos 85 e 86, dispón:

*"Artigo 85. Criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias en subastas.*

*Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:*

*1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*

*2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.*

*3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, excluirase para o cómputo de dita media a oferta de cuantía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media.*

*En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.*

*4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, si entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, si o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor cuantía.*

*Excepcionalmente, e atendendo ao obxecto do contrato e circunstancias do mercado, o órgano de contratación poderá motivadamente reducir nun terzo no correspondente pliego de cláusulas administrativas particulares as porcentaxes establecidas nos apartados anteriores.*

*6. Para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada".*

*"Artigo 86. Valoración das proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo.*

*1. Aos efectos do disposto no artigo 83.3 da Lei, cando empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación dun contrato, tomarase únicamente, para aplicar o réxime de apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, a oferta mais baixa, producíndose a aplicación dos efectos derivados do procedemento establecido para a apreciación de ofertas desproporcionadas ou temerarias, respecto das restantes ofertas formuladas polas empresas do grupo.*

*2. Cando se presenten distintas proposicións por sociedades nas que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, respecto dos socios que as integran, aplicaranse respecto da valoración da oferta económica as mesmas regras establecidas no apartado anterior.*

*3. Aos efectos do disposto nos dous apartados anteriores, as empresas do mesmo grupo que concorran a unha mesma licitación deberán presentar declaración sobre os extremos nos mesmos apartados.*

*4. Aos efectos do disposto no artigo 86.4 da Lei, os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán establecer o criterio ou criterios para a valoración das proposicións formuladas por empresas pertencentes a un mesmo grupo".*

**Polo tanto, e a vista do antedito, no suposto que nos ocupa, para a apreciación do carácter anormal ou desproporcionado das ofertas presentadas, deberán excluirse do cómputo as correspondentes ás empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, SONDEOS PORZUNA SL e EXPLOTACIONES GALLEGAS SL.**
**Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2015.**

**O xefe de sección**

**Asdo.: Román Otero Ferreiro**

8252

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO | | |
| Documento<br>CONZI0XM | Expediente<br>CON/34/2015 | |

15078DCONZI0XM%

## ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 246.599,29 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 10 de decembro de 2015, ás 9.15 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocales:** D. Marta Lois, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
Dª Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase a presente reunión da mesa para dar conta da proposta do presidente da mesma de encomendar a realización dos informes técnicos pendientes o recentemente nomeado xefe de servizo de obras e proxectos, D. Antonio Ranedo.

No curso do debate apréciase que o prego de aplicación non recolle a composición da mesa, polo que se acorda suspender esta reunión para o análise xurídico da cuestión e posterior resolución.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O PRESIDENTE DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

**O SECRETARIO DA MESA**

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO | | |
| Documento<br>CONZI0XM | Expediente<br>CON/34/2015 | |

15078DCONZI0XM%

## ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 246.599,29 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 11 de decembro de 2015, ás 12.05 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocales:**
D. Noa Morales, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Antonio Ranedo, xefe do servizo de obras e proxectos.
Dª Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dase conta en primeiro término ós membros da mesa de que a xunta de goberno, na súa calidade de órgano de contratación, acordou en reunión de hoxe mesmo ratificar a composición desta mesa de contratación, solventando as dúbidas suscitadas.

A continuación procédese á análise do informe valorativo da documentación aportada polas distintas empresas en situación de baixa desproporcionada ou temeraria, que conclúe que ningunha delas xustificada debidamente esta circunstancia, polo que a mesa acorda, de conformidade con él, excluílas da licitación.

O devandito informe conclúe así mesmo que quén acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL.

Polo tanto a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresa CNES. J. MAURI E HIJOS SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, SONDEOS PORZUNA SL, SYR-AMG SLU, NOSA CONSTRUCCIONES NEMESIO ORDOÑEZ SA e JSTOP OBRAS Y SERVICIOS por non xustificar debidamente o seu caracter desproporcionado ou temerario, de acordo co informado polo departamento municipal de obras e proxectos.

**SEGUNDO:** Trasladar ao Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **150.425,60 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 12.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

O SECRETARIO DA MESA

| CÓDIGO EXP | PROGRAMA | ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN |
|---|---|---|
| CON_34_2015 | POS-2015 | Deputación Provincial da Coruña |

| | |
|---|---|
| **Expediente:** | Reparación da rúa da Escarabuña e anexas. |
| **Asunto:** | Procedemento de licitación das obras (CON/34/2015)_Informe técnico sobre as xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas foron consideradas anormais ou desproporcionadas |

Redáctase o presente informe para dar contestación ao oficio emitido con data de 13 de novembro de 2015 polo Xefe de Sección de Contratación, co obxecto de avaliar a documentación presentada polas empresas para a xustificación das ofertas que tiveron a consideración de desproporcionadas ou anormais por aplicación dos criterios do prego de condicións da licitación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A efectos de avaliar a documentación presentada os requisitos valorados son:

**1. A xustificación de prezos:**

a) A documentación valorada é a seguinte:

- *Plan de obra*, valorándose favorablemente a indicación de actividades e equipos, nos que se detallase man de obra (tipo e cualificación profesional de cada traballador coas horas empregadas), maquinaria (tipo de máquina coas horas empregadas) e materiais empregados (con medición), no que se indique o cadro resumo final cos totais de horas/traballador, horas/máquina e medición de materiais empregados.
- *Orzamento* con medicións e xustificación de prezos descompostos.
- *Xustificación de custos de man de obra:*
    - Persoal propio: Documentación xustificativa do custo para a empresa de cada traballador.
    - Persoal subcontratado: Documentación xustificativa do custo de cada traballador e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito traballador o período necesario a prezo determinado.
- *Xustificación de custos de maquinaria:*
    - Maquinaria propia: Documentación xustificativa da propiedade da maquinaria.
    - Maquinaria subcontratada: Documentación xustificativa do custo de cada máquina e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dita máquina o período necesario a prezo determinado.
- *Xustificación de custos de materiais:*
    - Material propio: Documentación xustificativa da dispoñibilidade e idoneidade do material.

- Material a comprar: Documentación xustificativa do custo de cada material e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito material no prazo necesario e a prezo determinado.

- *Xustificación de custos indirectos:*
  - O porcentaxe de custos indirectos aplicable na descomposición de partidas xustificarase como a suma dos conceptos k1 + k2, sendo k1 o porcentaxe correspondente a imprevistos (que nunca poderá considerarse inferior ao 1%) e k2 o porcentaxe resultante da relación entre custos indirectos e directos = Ci/Cd x 100.
- *Xustificación de Gastos Xerais:*
  - O porcentaxe de gastos xerais a aplicar sobre a suma do orzamento de execución material deberá xustificarse adecuadamente poñendo en relación ditos gastos co volume de facturación previsto para o ano en curso, aportando ademais documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa tanto do ano anterior como do ano en curso.
- Relación de subcontratos:
  - Aportarase relación completa de partidas que se prevé subcontratar.

Aos efectos do análise da documentación sinalada, considerouse que a xustificación de prezos do licitador non pode modificar as partidas, nin a descomposición das mesmas prevista en proxecto, debendo manter as tipoloxías e rendementos de man de obra, maquinaria e materiais, por considerar que xa se encontran perfectamente axustados á realidade das obras proxectadas.

No caso da modificación dos prezos de man de obra, maquinaria e materiais, comprobouse a existencia ou non dunha adecuada xustificación, e sen que en ningún caso, os prezos de man de obra sexan inferiores aos estipulados no vixente convenio colectivo da construción.

Respecto dos custos indirectos, ainda que non se establece prohibición para a modificación do porcentaxe previsto en proxecto, considerase que é obrigatoria a súa xustificación, e non se consideran en ningún caso viables porcentaxes de custos indirectos por debaixo do 3%.

En canto aos gastos xerais, de non presentar a xustificación e documentación acreditativa, considerase o porcentaxe de gastos xerais previstos no proxecto (13%). E sería necesario solicitar un informe xurídico sobre cal debe ser a documentación acreditativa dos gastos e facturación a efectos de garantir a veracidade da mesma. Do mesmo xeito e polas mesmas razóns, non se considera viable a redución do prazo de execución.

Finalmente, considerase que nos casos nos que se renuncia ao beneficio industrial, considerase, igualmente necesario, solicitar informe xurídico sobre se poden aceptarse xustificacións nas que o licitador renuncie a este.

**2. Documentación relativa á xustificación de volume de obra:**

No presente informe se comproba a documentación relativa ás obras actualmente contratadas, indicando o tipo de obra, importe, promotor, prazo e lugar de execución, valorando favorablemente o detalle dos medios persoais e materiais que se dedican ás mesmas, e a posta en relación coas obras obxecto da licitación; ase mesmo, na valoración realizada tense en conta que non se tivesen mais obras contratadas, sempre que fuxe correctamente acreditado.

Independentemente da valoración anterior, co respecto as acreditacións anteditas, considerase necesarios a solicitude dun informe xurídico sobre qué tipo de documentación debe ser exactamente a efectos de garantir a veracidade das mesmas.

**3. Documentación relativa á xustificación da solvencia:**

Finalmente no referente á xustificación da solvencia no informe é valorada a documentación xustificativa da especialización e da experiencia dos medios cos que contará para a execución das obras.

RESULTADO DA AVALIACIÓN

En base aos anteriores criterios de avaliación, revisada a documentación achegada xunto ao oficio (xustificacións das empresas NEMESIO ORDOÑEZ SA, SONDEOS PORZUNA SL, SYR-AMG SLU, CONSTRUCCIIONES J. MAURI E HIJOS SL, e CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL), preséntase a continuación un resumo coas conclusións froito do análise efectuado (o documento de análise pormenorizado se adxunta ao final do presente informe):

**NEMESIO ORDOÑEZ SA (NOSA)**

Á vista da documentación presentada (non pode considerarse documentación "técnica"), o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propone o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

**SONDEOS PORZUNA SL**

Á vista da documentación presentada (non pode considerarse documentación "técnica"), o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propone o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

**SYR-AMG SLU**

Non presenta a totalidade da documentación solicitada e nalgúns casos, as xustificacións aportadas non se consideran adecuadas ou completas.

Á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propone o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

**CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL**

Presenta documentación específica.

Canto á documentación vinculante xustificativa de que a empresa poderá dispor da man de obra, maquinaria e materiais no prazo/período necesario e a prezo determinado, a documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa e a acreditación de obras contratadas, tal e como se indica no análise pormenorizado adxunto deben ser obxecto de informe xurídico a efectos de determinar a súa validez.

En calquera caso, as xustificacións aportadas non se consideran adecuadas ou completas.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propone o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

**CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL**

Presenta documentación específica.

Canto á documentación vinculante xustificativa de que a empresa poderá dispor da man de obra, maquinaria e materiais no prazo/período necesario e a prezo determinado, a documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa e a acreditación de obras contratadas, tal e como se indica no análise pormenorizado adxunto deben ser obxecto de informe xurídico a efectos de determinar a súa validez.

En calquera caso, as xustificacións aportadas non se consideran adecuadas ou completas.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que proponse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

En consecuencia entendo que procedería que a mesa propoña a adxudicación das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexas á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA RAMOS SL que oferta un importe de 150.425'60 euros máis ive.

Santiago de Compostela, a 9 de decembro de 2015

O Arquitecto Municipal

Asdo.: Antonio Ranedo Santillana



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO | | |
|---|---|---|
| Documento<br>CONZI0XM | Expediente<br>CON/34/2015 | |

15078DCONZI0XM%

## ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 246.599,29 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 15 de decembro de 2015, ás 9:17 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vocales:** D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Antonio Ranedo, xefe do servizo de obras e proxectos.
Dª Inmaculada Viña, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:19 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO